

PROGRAMA DO ACTO:

1. **Intervención** do presidente da Asociación, D. Antonio Alvarez González.
2. **Intervención** do voluntario D. Germán Ruiz Llano, en nome dos 53 voluntarios participantes nos Campos de Traballo Internacional de CyN.
3. **Lectura** do apartado da acta na que se toma o acordo dos nomeamentos, a cargo a cargo da letrada Belén Fernández López, e **entrega** de Diplomas ós homenaxeados e homenaxeada, por parte dos membros da Mesa Presidencial.
4. **Intervención** do Subdelegado do Goberno en Lugo, D. Ramón Carballo Páez, en nome da institución e personalidades distinguidas e D. Alfonso García López en nome dos antigos membros de honra.
5. **Clausura**, a cargo do Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, D. Juan Viaño Rey, que presidirá o acto.
6. **Interpretación** do himno da Asociación composto polo cantautor galego-catalán Alfredo González Vilela.




Tesouros postos en valor



A NOSA RUTA:



Acceso á cabeceira do Sendeiro en O Couso: dende a saída 456 da A-6 á N-VI. Despois collar dirección Madrid, a 50 metros collar a esquerda o desvío a Louzas (LU-P-0708). Comezo da ruta a 14,85 Kms. no desvío á dereita de O Couso, con espacio para aparcadoiro.



* Punto final: Cabana de Cervantes, na estrada LU-722 que va de Navia de Suarna a Becerrea.

Vídeo topográfico e toponímico da Ruta e información básica en varios idiomas.

<http://www.asociacioncastanognogal.com/description.html>



www.asociacioncastanognogal.com

contacto@asociacioncastanognogal.com

Acto de Nomeamento de Membros de Honra



Asociación Castiñeiro e Nogueira
Para o impulso do desenvolvimento rural e medioambiental



Venres, 9 de decembro de 2014, ás 18 horas.

Lugar:

CASA DO SABER

Vicerreitoría de Coordinación USC de Lugo.
Praza Pio XII, nº 3. 27001 LUGO

NOVOS MEMBROS DE HONRA DA ASOCIACIÓN CASTIÑEIRO E NOGUEIRA

Organización ONCE e a súa FUNDACIÓN
Premio Príncipe de Asturias e medalla de Ouro de Galicia en 2013

Don Francisco-Javier Abajo Merino
Xeral xefe da Forza Loxística Operativa (FLO)

Don Ramón Carballo Páez
Veterinario e Subdelegado do Goberno en Lugo

O Reverendísimo Sr. Don Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo

Dona Verónica Tellado Barcia
Enxeñeira, Directora Xeral de Conservación da Natureza
da Xunta de Galicia.



Mesa Presidencial e distinguidos do I Acto de nomeamento de Membros de Honra do 20 de Abril de 2012

POEMA Ó PROXECTO MEDIOAMBIENTAL E OS SEUS VALORES

Castiñeiros e nogueiras
De Quintá de Cancelada,
Destes nome a un proxecto
Para salvar a nosa terra.

Un grupiño, bos amigos,
Á beiriña do Donsal,
A xente dende moi lonxe
Ven os sendeiro rozar.

Nesta terra dos Ancares
Hai moitas cousas que ver,
A natureza e cultura
Que non se deben perder.

Os camiños, as pallozas,
Temos hórreos e palleiros,
Respiramos aire limpo,
¡Ó sendeiro compañoiros!

Vamos ó camiño xuntos,
Queda moito que facer,
Natureza tan fermosa,
Non podemos esquecer.

Por nós chaman os camiños,
Por nós berran os carreiros,
Un río con auga pura,
¡Vamos xuntos, compañoiros!

*Alfredo González Vilela
Cantautor
Barcelona 11-11-2011*

Poema dedicado ó proxecto estrela de Castiñeiro e Nogueira e ós valores do Sendeiro

FINS DA ASOCIACIÓN

Promover o estudo e lexítima resolución de problemas de interese xeral do entorno.

Concienciar os socios e a sociedade sobre a importancia de conservar o medio ambiente e as construccions típicas de cada zona e a súa paisaxe.

Organizar campos de traballo internacional en prol do patrimonio natural e a recuperación de Camiños Históricos e Rurais como ruta de sendeirismo, conservación e protección do patrimonio histórico e riquezas etnográficas.

Formular, propoñer e reclamar actuacions públicas que combatan o desequilibrio socio-económico e territorial, a carencia de infraestructuras, dotacions e servizos entre zonas e territorios rurais.

Trasladar ós grupos parlamentarios, municipais e ás administracions públicas os problemas do medio rural.

Realizar campañas de concienciación contra o lume, e a favor do desenvolvemento sustido e racional dos recursos naturais, e da reforestación e conservación de especies autóctonas.

Impulsar e promover o desenvolvemento equilibrado e sustido da agricultura, gandaría, caza, pesca e turismo rural.

Organizar conferencias, actividades culturais, musicais, artísticas e deportivas.

Programar e organizar cursos para manexo das novas tecnoloxías (internet, correo electrónico...)

Promover a concienciación da sociedade, as Administracions e os socios sobre a importancia de conservar, rehabilitar e restaurar construccions típicas e ancestrais do rural.

Crear e conceder premios e distincions honoríficas.

